


Plataforma de servicios IP multidispositivo para a xestión de cabeceiras de distribución

Co presente proxecto Televés pretende dar un paso máis adiante no concepto de Control de Cabeceiras de distribución de TV. Mediante a creación dunha nova Plataforma IP, se constrúe unha estrutura de comunicacións e servizos capaz de ofrecer e explotar as capacidades dos produtos de Televés, dun xeito sinxelo dende calquera dispositivo e dende calquera parte do mundo. A nova Plataforma IP se converte nun único panel personalizado a cada usuario que lle permite disfrutar de xeito centralizado dos servizos avanzados que os produtos de Televés ofrecen.



Os principais fitos polos que se guía o proxecto son:

- A converxencia e accesibilidade IP, dispor de produtos e servizos avanzados a través de banda ancha orientados á converxencia entre a telefonía fixa/móvil e Internet.
- Acceso a Internet de calidade dende calquera dispositivo distinto de móbil ou ordenador.
- Ofrecer servizos con capacidade de mobilidade, localización e GIS.
- Multidispositivo (PDA, terminal móbil, axendas...)
- Productos e servizos interactivos para a TDT fixa e móbil.

A estrutura de comunicacións e de software permiten abstraer aos usuarios da complexidade técnica que os produtos avanzados posúen. Además as tecnoloxías de desenvolvemento empregadas xunto á estrutura que foi cuidadosamente deseñada permitiron crear unha base tecnolóxica sólida para o establecemento do grupo de servizos que satisfagan a demanda do mercado actual e á súa vez unha plataforma que tamén permita a creación dos servizos do futuro. Así, a converxencia e accesibilidade IP por medio de calquera tipo de rede incluíndo as redes de telefonía móbil quedan garantidas, tanto para a conexión das cabeceiras de TV como para o acceso dos clientes, permitindo o uso de calquera tipo de dispositivo móbil (multidispositivo).

Proxecto cofinanciado:



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Modernización
e Innovación Tecnolóxica



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO
REGIONAL

"Unha maneira de facer Europa"



Los contenidos de este documento
están bajo licencia [Creative Commons](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/)